

RESOLUCIÓN DE AXUDA AO SOLICITANTE / CAMPAÑA 2017

Nº COMUNICACIÓN: 20121701 / 2020

Mediante a Orde do 31 de xaneiro de 2017 (DOG Nº 22 do 01/02/2017) a Consellería do Medio Rural regulou a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control no ano 2017.

O artigo 27 da citada Orde dispón que as resolucións poderán ser notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015. O artigo 45.1 da citada lei permite a substitución da notificación pola publicación das resolucións no caso que nos ocupa, polo que a dita notificación poderá realizarse mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Por outra banda, de conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Decreto 7/2014 do 16 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (de aquí en diante Fogga), atribuíuse á Dirección do Fogga a potestade de resolver os procedementos de concesión de axudas que se tramiten no ámbito das súas competencias.

Base legal: ORDE do 31 de xaneiro de 2017 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.

Logo do informe da Subdirección Xeral de Xestión da PAC e de acordo coa proposta de resolución da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria da Consellería do Medio Rural,

RESOLVO

Acordar a concesión da seguinte relación de axudas pagadas que comeza por "CDAD.PROP. MONTES SERRA DE COBA" e finaliza por "LOPEZ DIAZ TARSILA ROSARIO", inclúe un total de 4 agricultores e as súas liñas de axuda resoltas, que se refunden nesta Resolución, especificándose as persoas e individualizándose os efectos da mesma para cada interesado, conforme ao artigo 36.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todo isto sen prexuízo das compensacións que se fixeran, en aplicación do disposto no artigo 28 do Regulamento de execución (UE) 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, por débedas procedentes xa sexa de reintegros, tarxetas amarelas ou sancións multianuais.

Poñerase a disposición das persoas interesadas no "Portal de axudas PAC" da web do FOGGA (<https://fogga.xunta.gal/>) as resolucións completas.





| Cif/Nif | Apellidos e Nome ou Razón Social | Liña axuda ¹ | Carácter da Resolución | Importe Axuda | Motivos Redución ² |
|-----------|----------------------------------|-------------------------|------------------------|---------------|-------------------------------|
| V32105330 | CDAD.PROP. MONTES SERRA DE COBA | 1 | CONCESIÓN PARCIAL | 2.370,80 € | 223;238;6(5) |
| V32105330 | CDAD.PROP. MONTES SERRA DE COBA | 2 | CONCESIÓN TOTAL | 1.882,91 € | |
| V32105330 | CDAD.PROP. MONTES SERRA DE COBA | 301 | CONCESIÓN TOTAL | 6.095,32 € | 24005 |
| V32105330 | CDAD.PROP. MONTES SERRA DE COBA | 302 | CONCESIÓN TOTAL | 1.110,37 € | |
| XXX1222XX | DIAZ PAZ FIDELINA | 1 | CONCESIÓN PARCIAL | 2.670,52 € | 223 |
| XXX1222XX | DIAZ PAZ FIDELINA | 2 | CONCESIÓN TOTAL | 1.414,05 € | |
| XXX1222XX | DIAZ PAZ FIDELINA | 301 | CONCESIÓN TOTAL | 456,37 € | |
| XXX1222XX | DIAZ PAZ FIDELINA | 303 | CONCESIÓN TOTAL | 2.460,86 € | |
| XXX1222XX | DIAZ PAZ FIDELINA | 309 | DENEGACIÓN | | 3803;9 |
| XXX8861XX | FONTICOPA MONTERO LUCIA | 1 | CONCESIÓN PARCIAL | 1.177,05 € | 223 |
| XXX8861XX | FONTICOPA MONTERO LUCIA | 2 | CONCESIÓN TOTAL | 620,83 € | |
| XXX8861XX | FONTICOPA MONTERO LUCIA | 301 | CONCESIÓN TOTAL | 1.280,44 € | |
| XXX8861XX | FONTICOPA MONTERO LUCIA | 302 | CONCESIÓN PARCIAL | 370,12 € | |
| XXX3335XX | LOPEZ DIAZ TARSILA ROSARIO | 1 | CONCESIÓN PARCIAL | 1.795,75 € | 223;224 |
| XXX3335XX | LOPEZ DIAZ TARSILA ROSARIO | 2 | CONCESIÓN TOTAL | 944,05 € | |
| XXX3335XX | LOPEZ DIAZ TARSILA ROSARIO | 301 | CONCESIÓN TOTAL | 731,68 € | |
| XXX3335XX | LOPEZ DIAZ TARSILA ROSARIO | 302 | DENEGACIÓN | | 2502;9 |

¹Códigos liñas de axuda

| Código Liña | Descrición Liña de axuda |
|-------------|---|
| 1 | Pagamento Básico |
| 2 | Pagamento para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio (Pagamento Verde) |
| 301 | Axuda ás Vacas Nutrices en función da ubicación das unidades de produción |
| 302 | Axuda ao Vacún de Cebo en función da orixe dos animais e da localización das unidades de produción |
| 303 | Axuda ao Vacún de Leite en función do número de animais e da localización das unidades de produción |
| 308 | Sector lácteo: Medida destinada a non incrementar a produción |

²Motivos de redución/denegación



| Código Redución | Descrición |
|-----------------|---|
| 223 | Superficie de cruzamento sobre un recinto por unha mesma solicitude máis a non admisible (retroactividade) supera superficie SIXPAC do recinto. |
| 224 | Superficie neta de cruzamento nun recinto nunha mesma solicitude supera superficie admisible que SIXPAC establece para el. |
| 238 | Recinto cuxo CAP declarado é maior ao CAP prevalente e non presenta alegación ao SIXPAC. |
| 24005 | Redución por axuste á porcentaxe de xovencas |
| 2502 | Non cumpre co mínimo de animais elegibles. |
| 3803 | Solicita medida destinada a non incrementar produción leite, pero incremente nº APSs de 30/04/2016 a 30/04/2017 en axudas asociadas vacún de leite. |
| 6(5) | Unidades penalizables > 10% das Unidades determinadas. |
| 9 | Solicitante con unidades de axuda 0 |

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a presidencia do Fogga, no prazo dun mes de conformidade co disposto no artigo 5.2 do Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A presentación do recurso poderá facerse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, consonte co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, presentarán, de ser o caso, o seu recurso, empregando o procedemento telemático PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Así mesmo, infórmolle que de acordo co indicado no artigo 54.3 do Regulamento (UE) 1306/2013, no caso de que os importes concedidos fosen pagados indebidamente e superen os 100 euros iniciárase o procedemento de reintegro. A recuperación destes importes poderá realizarse mediante compensación con pagamentos futuros, segundo o establecido no artigo 28 do Regulamento (UE) 908/2014.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2020

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria




Silvestre José Balseiros Guinarte
(asinado electronicamente)

